

¿LENDAS OU REALIDADE?

Contan os nosos maiores, que unha vez, alá polo século XVI, estaban unhas mulleres cocendo pan nun forno do antigo pobo do Lago, cando se achegou a elas unha señora (estas descoñecían que era a Virxe) pedíndolles pan.

As mulleres contestáronlle que esperara uns intres que lle ían facer unha bola e puxéronse mans a obra, pero por aforrar, elaboráronllo con farelo.



O pan medroulles moito e amargoulles darllo. Polo que acordaron facerlle outro, sucedendo ó mesmo, polo que tampouco quixeron entregarllo. Ante isto, a señora marchou de alí un tanto enfadada.

Máis tarde, cando pasaba por un monte atopouse cunha nena que estaba a coidar ovellas, axudada por unha cadelíña.



A muller pediulle un anaquiño do pan que estaba comendo e a rapaza, bondadosa, deullo todo. A señora (a Virxe) rexeitouno dicíndolle que só desexaba un anaquiño. Aínda así, a rapariga insistiu, argumentando que ela xa comería ó chegar a súa casa, que estaba na aldea (onde agora se atopa o lago).

Ante a insistencia da mocíña, a señora colleu o pan e dirixíndose ata a aldea, dixo maldicindo:

LAGO, TE ASULAGO, CO DE ARRIBA PARA ABAIXO, QUE QUEDE ESTA RAPACIÑA CON ESTA CADELIÑA

E a vila asolagouse, desaparecendo baixo as augas.



¿LENDA OU REALIDADE?



¿LENDAS OU REALIDADE?

Desde aquela, contan que o día de San Xoán, as doce da noite, escoítanse as campás repenicar e os galos cantar.

Ademais, tamén se conta que hai uns anos, uns enxeñeiros intentaron secar o lago para descubrir o que había baixo as augas. Sen embargo, tras varios intentos non o lograban polo que un dos enxeñeiros dixo un día:

MAÑÁ TRAEREI UNHA BOMBA ACHICADORA E O LAGO QUEDARÁ SECO

O encargado engadiu **SE DEUS QUERE**. O que o enxeñeiro contestou **QUEIRA OU NON QUEIRA**.

Cando se dirixía este para a súa casa no coche, rompéronlle os freos e matouse, contan que como maldición.